



Ler a Biblia. Esbozando claves de lectura

Marta García Fernández¹

Hai tan só uns días conclúin a lectura dun profundo ensaio de George Steiner, *Presenzas reais*. Ao comezo das súas páxinas, este gran pensador imaxinaba unha cidade composta tan só por poetas, actores, pintores, escultores. Deste xeito tecía unha das súas hipóteses: a mellor explicación dunha obra de arte é outra obra de arte. É dicir, a *Divina comedia* é unha lectura máis autorizada da *Eneida* ca os comentarios de corte académico ou científico². Así, Steiner arremete sutilmente cunha das prácticas máis estendidas nos nosos días: o comentario crítico. Segundo el, a crítica literaria ou a da arte reduciuse a unha erudita explicación, pero moitas veces externa á obra. Para el, en cambio, a verdadeira crítica debe ser interna e en acción. Isto é, a única posibilidade de interpretar a novena sinfonía de Beethoven é tocándoa (acción) e, con iso, o que o executa mostra á súa vez a propia comprensión (interna) da obra. No fondo esta forma de «interpretar» constitúe unha profundación de sentido. O mesmo ocorre no teatro, na pintura. E de igual maneira debería suceder na literatura.

Asumín con ilusión o reto de ofrecer claves de lectura para comprender o AT, pero tamén con temor. Por unha banda, a magnitude da empresa antóllaseme similar a insinuar unhas breves pautas ás

1 Marta García Fernández é Doutora en Teoloxía pola Pontificia Universidade Gregoriana e Licenciada en Ciencias Bíblicas polo Pontificio Instituto Bíblico de Roma. Na actualidade é profesora de Introducción á Escritura na U. Pontificia Comillas.

2 Cf. G. STEINER, *Presenzas Reais. Hai algo no que dicimos?* (Biblioteca de Ensaio 90. Serie Maior; Siruela, Madrid 2017) 32.